



**CARLOS LÓPEZ QUINTÁNS, SECRETARIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA),
CERTIFICO QUE NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 21
DE NOVEMBRO DE 2025, ADOPTOUSE O SEGUINTE ACORDO:**

N. Expediente 3609/2025

Asunto BECAS ENSINANZAS MUSICAIS CURSO 2024/2025

Con data do 6 de xullo de 2025, o alcalde de Tui mediante providencia inicia o proceso de convocatoria de axudas para alumnos/as que estudan música no Conservatorio Profesional/Elemental e Escola de Música deste termo municipal.

Con data do 8 de xullo de 2025 emítese RC de intervención favorable para tal fin.

No conservatorio e escola de música temos matriculados a un total de 210 alumnas e alumnos entre os que se atopan veciñas e veciños do concello de Tui.

Son moitos e en diferentes campos onde as ensinanzas musicais resultan beneficiosas polo que é de gran importancia o acceso en igualdade ás ensinanzas musicais. A formación musical favorece e reforza a atención aos detalles e a concentración, así como mellora as habilidades e a constancia na realización das accións do día a día, así mesmo incrementan a memoria tanto a nivel visual, como xestual e auditiva, e pon en valor a creatividade das alumnas e alumnos. Axuda no desenvolvemento das habilidades motoras e rítmicas e en particular daqueles nenos e nenas que dende pequenos tocan un instrumento.

Por outra banda, a aprendizaxe en grupos reducidos incrementa a seguridade en si mesmos e facilita a socialización e a participación en grupo posibilitando o establecemento de amizades e relacións.

Tendo todo isto en conta o concello de Tui como Administración que facilita a atención aos veciños e veciñas e en especial os máis pequenos do noso concello, as persoas con problemas de saúde que acoden as ensinanzas musicais como factor rehabilitador e previsor de illamento social.

Por todo o exposto anteriormente, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA: APROBAR A CONVOCATORIA E BASES PARTICULARES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE "BECAS DE ESTUDIO PARA ENSINANZAS MUSICAIS, CURSO 2024/2025, cuxo contido é o que consta na proposta da concelleira delegada de ensino, asinada o 22.10.2025 con Cod. Validación: 9W2WZJ5QKW5NNR52FE6HJRKGS.**

E para que así conste, aos efectos oportunos e coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 ROF, emito a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Tui.

